

Recordatorio de deberes legais e advertencia dirixido debido a Consellería de Medio Rural debido a problemas coa superficie de fincas nunha concentración parcelaria no Concello de Forcarei

Expediente: F.11.Q/9702/21

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2022

Sr. conselleiro:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D<sup>a</sup> ....

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que “solicitou que lle deran unha superficie de metros e a parcelaria non lle contestou nunca”.

Ante iso solicitamos e recibimos o informe a esa consellería no que sinálase o seguinte:

**“Asunto:** *Queixa presentada ante a Valedora do Pobo en relación cunha reclamación en relación co predio de substitución núm. 1224 da zona de concentración parcelaria (en adiante ZCP) de Meavía - Quintillán (Concello de Forcarei, Pontevedra)*

*O 25.03.2022 tivo entrada neste servizo o escrito do Servizo de Apoio Xurídico-Administrativo de Estruturas e Infraestruturas da Consellería do Medio Rural no que solicita informe sobre a Queixa presentada ante a Valedora do Pobo promovida por ... en relación coa zona de concentración parcelaria de Meavía-Quintillán (Forcarei-Pontevedra), expediente F.11.Q/9702/21.*

*Na dita queixa a promotente, tal e como recolle no oficio de remisión a Valedora do Pobo ”, solicitou que lle deran unha superficie de metros e a parcelaria non lle contestou nunca ”. Achegan copia dos escritos presentados*

*A vista da indicada queixa emítese o seguinte :*

#### **“Antecedentes:**

*1.- En relación coa Zona de Concentración Parcelaria :*

*1.1.- O Decreto 60/2000, do 16 de marzo da entón Consellería de Agricultura, Gandería e Política Territorial, , publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 64 do 31 de marzo, declarou de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona de Meavía-Quintillán (Forcarei-Pontevedra)*

1.2.- *As Bases definitivas de dita zona foron aprobadas pola Xunta Local o 16/11/2007 e trala firmeza delas, foi aprobado o acordo pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural o 20/01/2014.*

1.3.- *O acordo de concentración parcelaria foi notificado a ... o 26.02.2014 (Ver documentación anexa)*

1.4.- *A Xunta Local da zona de Meavía-Quintillán con datas 28.08.2014 e 16.10.2014 reuniuse para informar tal e como prevé a Lei 10/1985 de concentración parcelaria para Galicia (norma de aplicación a esta zona de concentración), os recursos presentados contra o acordo de concentración.*

1.5.-*Esta zona está en fase de acordo pendente de firmeza, coa toma de posesión dada mediante resolución do director xeral de Desenvolvemento Rural de data do 30.03.2016 (DOG 9.05.2016) unha vez foron resoltos os recursos de alzada presentados contra o acordo.*

2.- *En relación cos escritos presentados por....*

*Examinada a documentación que figura na zona resulta en relación coa promotente da queixa que se presentaron os seguintes escritos:*

2.1.- *Con data do 12.02.2015 (referencia nosa 192/2015) dita propietaria presenta recurso contra a aprobación do acordo de concentración parcelaria da zona de Meavía-Quintillán.*

2.2.- *Con data do 2.07.2018, a promotente da queixa presenta un novo escrito (referencia 2271/2018) no que solicita información relativa ao recurso formulado no seu día.*

2.3.- *Ditas reclamacións son reiteradas a través dos escritos de datas 03.08.2020, remitidos polo Concello de A Estrada co selo de copia auténtica do órgano de secretaria, o primeiro que leva como asunto: Solicitud de información ao recurso presentado en data 12.02.2015 e o outro Reclamación/alegación (referencias nosas 1347/2020 e 1357/2020).*

2.4.- *Con data 8.06.2021 o Concello de A Estrada remite o escrito presentado por ..., solicitando a resolución do recurso presentado ó 12.02.2015.*

*Contido da queixa:*

*A promotente da queixa ante a valedora, solicita que se dea contestación a reclamación formulada no seu día, indicándose expresamente no corpo da queixa remitida que: "solicitou que lle deran unha superficie de metros e a parcelaria non lle contestou nunca".*

*Análise e conclusións:*

*... presentou recurso de alzada contra a aprobación do acordo de concentración parcelaria desta zona, tal e como ela recoñece e consta na documentación presentada con data 12.02.2015*

*Tal e como se pon de manifesto no apartado 1.3 deste informe o acordo a ...foi notificado ó 26.02.2014.*

*Na notificación realizada expresamente se lle indicaba: "Contra o acordo, poderá interpoñer, por si mesmo ou por representación, recurso de alzada ante a Conselleira do medio Rural e do Mar, dentro do prazo de trinta días contados dende o seguinte á recepción desta notificación (deberá achegar documentación acreditativa na que fundamenta os seus dereitos)".*

*De acordo co previsto no artigo 113 da Lei 30/1992 do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a resolución do recurso de alzada estimará . ou declarará a súa inadmisión.*

*No caso que nos ocupa, dadas as datas de notificación e de presentación do recurso de alzada, a proposta de resolución é a de inadmisión de dito recurso por ser extemporáneo.*

*Tendo en conta as numerosas zonas de concentración parcelaria que se están levando a cabo na provincia de Pontevedra, pendentes de rematar, deuse e estase a dar prioridade a resolución dos recursos presentados en prazo contra o acordo co fin de poder dar a toma provisional dos novos predios de substitución. No que respecta a esta zona de Meavía-Quintillán, tendo en conta os intereses dos particulares en xeral, tramitáronse e resolvéronse os recursos presentados e que foron informados pola xunta local co fin de dar a posesión provisional dos predios."*

#### ANÁLISE

Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da queixa e o exposto no informe do citado órgano, dedúcese que por parte da administración afectada procedeuse a revisión do expediente, resultando que foron cumpridas as actuacións previstas na normativa reguladora da concentración parcelaria da zona que interesa de Meavía-Quintillan. Así, foi remitido a interesada o xustificante da notificación do acordo de concentración parcelaria da zona de Meavía – Quintillán e tamén nos comunica que a previsión de resolución será a inadmisión por extemporaneo do recurso presentado.

No que respecta a esta zona de concentración e tendo en conta os intereses dos particulares en xeral, por esa administración tramitáronse e resolvéronse os recursos presentados en prazo que foron informados pola xunta local co fin de dar a posesión provisional dos predios, e quedando pendentes os outros recursos presentados.

## CONCLUSIÓN

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, convén recordar aquí a obrigatoriedade das administracións publicas de dar resposta as peticións e cuestións que lle plantexen os cidadáns.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Consellería o seguinte **recordatorio de deberes legais:**

***Contestar de forma expresa, como en dereito proceda, a cada un dos escritos que presentou a interesada nesa Administración e que están sen responder notificando unha contestación expresa, con indicación dos motivos polos que se denega e os recursos que procedan si é o caso.***

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Se non se obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo